

“O seu peso en ouro”

Un ano.- Un non sabe ben cantos libros leva lido. Algúns son inesquecibles porque lle deixaron unha fonda pegada e outros porque resultou un verdadeiro sacrificio lellos ou estudalos. Hai textos que parecen escritos para castigo dos lectores. A un gústelle telos preto para, de cando en vez, poder pousar os ollos nas súas liñas e navegar de novo por eles.

Hai agora un ano saía do prelo un libro ben gorentoso. Cheo de aventuras por moitos espazos e con personaxes recoñecidos. Unha desas novelas que un empeza a ler a xa lle é imposible deixar ata que remate. Unha obra asolagada de atlantismo en todas as súas páxinas. Historias de piratas de toda a vida, pero traídos ao noso, á Costa da Morte. Páxinas inzadas de profundo coñecemento do noso pasado. Un volume ben gordo **que vale o seu peso en ouro** porque quedará coma un documento literario que nunca deixará de ser actual neste Fisterra tan especial. Mergullándose nesta novela un vese percorrendo a muralla de Saint Maló, de onde saían os seus corsarios, ou vendo como o vento asubía polos furados dos valados do parque de Burren, que o autor converte nunha arma de destrución de inimigos na súa novela. Ata os artistas de figuras de santos soneiráns teñen o seu protagonismo nesta creación. Un garda entre os seus tesouros literarios esta obra, coma un deses libros que non é doado esquecer polas liñas propias que leva marcadas. *Costa do Solpor* é coma un berro de enerxía da Costa da Morte.

(*La Voz de Galicia*, edición de Carballo, 10-2-2014)